

RESOLUCIÓN XERENCIAL DO 23 DE FEBREIRO DE 2023 POLA QUE SE AMPLÍAN AS CAUSAS XUSTIFICADAS PARA NON CAUSAR BAIXA NAS LISTAS DE AGARDA PARA CONTRATACIÓN TEMPORAL NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Por Resolución do 31 de marzo de 2009 publicouse no Diario Oficial de Galicia nº 67 do 07 de abril o acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do Persoal de Administración e Servizos (PAS) da Universidade de Vigo e mailo acordo sobre criterios de incorporación e cese deste persoal derivados dos procesos de provisión e selección.

No artigo 2.2. do acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional establécese que *concluído o proceso selectivo correspondente, a Xerencia elaborará as listaxes de agarda para a provisión temporal das prazas de persoal funcionario ou laboral. O persoal que superase o exame ou exames previstos nas convocatorias e de acordo cos baremos destas, de non obter praza na citada oferta, figurará na lista correspondente na orde obtida no concurso-oposición*

Asemade o artigo 5.3 do mencionado acordo sobre causas de baixa nas listas de agarda indica o seguinte: *con carácter xeral consideraranse causas xustificadas de renuncia ou rexeitamento as derivadas da conciliación familiar e laboral, de enfermidade debidamente xustificada, de exercer unha actividade mediante contrato temporal e aquelas outras apreciadas con carácter excepcional e individualmente pola comisión de seguimento deste acordo.*

Pois ben, tendo en conta que están xurdindo novas situacións que poden ser consideradas tamén como causa xustificada de baixa temporal nas listas de agarda e non de exclusión definitiva das mesmas, como pode ser o nomeamento como funcionario en prácticas, e co fin de adaptarse en relación aos cambios operados na normativa laboral pola supresión de determinadas modalidades de contratación temporal e na normativa sobre conciliación familiar e laboral,

Esta Xerencia, logo das consultas feitas cos órganos de representación sindical do PAS, RESOLVE,

Ampliar con efectos do 14 de febreiro de 2023 as causas xustificadas para causar baixa temporal das listas de agarda recollidas no cuarto parágrafo do apartado 5.3 do acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos, que quedaría redactado como segue:

Con carácter xeral consideraranse causas xustificadas de renuncia ou rexeitamento as derivadas da conciliación familiar e laboral, de enfermidade debidamente xustificada, de exercer unha actividade mediante contrato, ter sido nomeado funcionario e aqueloutras apreciadas con carácter excepcional e individualmente pola comisión de seguimento deste acordo.

Debido ás circunstancias concorrentes na actualidade e co fin de non causar un prexuízo ao persoal afectado polas novas causas de rexeitamento ou renuncia xustificada que se propoñen, o contido da presente resolución aplicaríase sen prexuízo de asinar posteriormente un acordo cos órganos de representación sindical interpretativo desta modificación o antes posible.

Vigo, 23 de febreiro de 2023

A Xerenta

Yolanda T. Lesmes Romero

(documento asinado dixitalmente)

SR. XEFE DO SERVIZO DE PAS

SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO

SR. PRESIDENTE DO COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

SR. PRESIDENTE DO COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA